Número 6 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela".

Destinatario

15078DCMG12I110f

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 08 de xuño de 2018 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 6 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA RÚA TRIACASTELA".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 1 de xuño de 2018, do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/312 de data 6.6.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal,** concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela*", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos das Administracións Públicas, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 16 de maio de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador COPCISA SA.

Segundo: Con data 31 de maio, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reuniόns da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15643299), por non posuir a solvencia económica necesaria para afrontar a execución deste contrato, de acordo cos requerimentos do prego e do RXLCAP.

Así, non está clasificada no subgrupo 1 do grupo J, nin acredita un volume anual de negocios superior a unha vez e media o prezo do contrato (619.293'36 euros) na declaración de menor importe nos últimos tres anos (529.416 euros), nin un patrimonio neto (102.752'44 euros), que represente cando menos o 25% do importe do contrato (103.215'56 euros).

Isto implicará a devolución do aval constituido para responder das obrigas derivadas do contrato en concepto de garantía definitiva por 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15643299) por importe de 14.375,00 euros (Avalista: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A CIF: A70302039) e das taxas de formalización do contrato que ascenden a 347,10 euros.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa COPCISA SA (CIF: A08190696), por un importe de **293.668,91 euros** (IVE aparte 21%: 61.670,47 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15321 61900 - 2017 2 TRIAC 32.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15643299), por non posuír a solvencia económica necesaria para afrontar a execución deste contrato, de acordo cos requirimentos do prego e do RXLCAP.

Así, non está clasificada no subgrupo 1 do grupo J, nin acredita un volume anual de negocios superior a unha vez e media o prezo do contrato (619.293'36 euros) na declaración de menor importe nos últimos tres anos (529.416 euros), nin un patrimonio neto (102.752'44 euros), que represente cando menos o 25% do importe do contrato (103.215'56 euros).

Isto implicará a devolución do aval constituido para responder das obrigas derivadas do contrato en concepto de garantía definitiva por 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL (CIF: B15643299) por importe de 14.375,00 euros (Avalista: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A CIF: A70302039) e das taxas de formalización do contrato que ascenden a 347,10 euros.

Segundo: Adxudicar o contrato de "Mellora de accesibilidade na rúa Triacastela" a favor da empresa COPCISA SA (CIF: A08190696), por un importe de **293.668,91 euros,** (IVE aparte 21%: 61.670,47 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 1% no orzamento de control de calidade e de xestión de residuos.

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE | | |
| **Documento** | **Expediente** | **Fecha** |
| CMG12I110 | CON/63/2017 | 08-06-18 11:20 |

Sello o Certificación Mecánica

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto do servizo de obras e proxectos

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15321 61900 - 2017 2 TRIAC 32.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org